

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PRECOZ EN PSICOSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 08.06.2018 coa “*asociación DOA Saúde Mental*” o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 09.06.2018 ata o 31.12.2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do “*Programa para a intervención precoz en psicose*”. No desenvolvemento deste programa, a asociación atenderá a aqueles pacientes que cumpran criterios para ser beneficiarios do programa, conforme o indicado no anexo 1 do convenio, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

No desenvolvemento da súa actividade colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes .

Os beneficiarios do programa contarán cun programa de intervención actualizado e individualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

O programa de intervención precoz en psicose terá como obxectivo xeral planificar, aplicar e avaliar as estratexias neuropsicológicas de tratamento e rehabilitación, dirixidas a compensar os déficits cognitivos, alteracións no comportamento ou deterioro social do paciente.

Os obxectivos específicos do programa de intervención temperá en psicose son os seguintes:

- O establecemento de medidas de liña de base para o seguimento de alteracións que poidan ir aparecendo de xeito progresivo e adaptar a esta evolución os procedementos de rehabilitación.
- Potenciar a aprendizaxe do paciente mellorando as súas capacidades a través da formación en metacognición, estratexias de aprendizaxe, intelixencias múltiples, creatividade e psicomotricidade.

- Axudar ao paciente no proceso de toma de conciencia da enfermidade.

O programa incluírá necesariamente intervencións rehabilitadoras nas áreas de atención, función executiva, aprendizaxe e cognición social a través de avaliacións e técnicas acordes a evidencia científica.

A realización deste programa levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo asistencial nos diferentes dispositivos da asociación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- 1 Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.
- 2 Que no ámbito da nosa comunidade, a atención dende un modelo comunitario e de recuperación das persoas con trastorno mental severo é unha prioridade polo que é preciso desenvolver programas que acaden este obxectivo dende as fases iniciais das enfermidades.
- 3 Que a asociación DOA Saúde Mental, é unha entidade sen ánimo de lucro, que leva a cabo actividades de axuda e apoio ós enfermos mentais e ás súas familias, tendo como un dos seus fins principais promover intervencións en saúde mental non cubertas polas institucións existentes, buscando unha mellor relación entre o enfermo mental, o medio familiar, e a sociedade.

A asociación DOA Saúde Mental cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención segundo o recollido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- 3 Tanto o Servizo Galego de Saúde como a “*asociación DOA Saúde Mental*” consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas promovendo:

- A atención ao trastorno mental severo en tódalas fases da enfermidade.
- A intervención nas fases iniciais a fin de diminuír o impacto que o padecemento destas patoloxías produce no desenvolvemento da persoa e na súa contorna social e familiar.
- Dar apoio aos pacientes e as súas familias, e colaborar cos profesionais do ámbito sanitario, social e educativo que atenden aos afectados por estes trastornos mentais.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

